

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 216/2022**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 14 de decembro de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de Febreiro de 2023, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 30 de xuño de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, fronte á desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante o Concello de Vigo con data 10 de novembro de 2022, de acceso á información pública dese concello sobre a delegación de competencias en materia de tráfico na Avenida de Galicia e a licenza de vao correspondente ao nº XXX da dita avenida.

A reclamante indicaba que non obtivo resposta á súa solicitude.

Segundo. Con data do 4 de xullo de 2022 déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante ao Concello de Vigo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 11 de xullo de 2022, sen que polo Concello se remitise o informe e a copia do expediente solicitado.

Terceiro. Con data do 13 de xaneiro de 2023 o Concello de Vigo contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que consultados os datos obrantes na Área de Seguridade púidose comprobar que consta no libro rexistro papel existente que con data XXX se entregou a placa no XXX ao solicitante da entrada sita en Avda. Galicia no XXX e

solicitado informe ao Departamento de Estadística informa que o actual nº XXX de Avda. de Galicia foi anteriormente o nº 84 da devandita vía. Así mesmo remite copia da acta da reunión celebrada pola Xunta Local de Seguridade do Municipio de Vigo de data XXX onde se ratifica o Protocolo de Distribución Territorial Competencial en materia de tráfico asinado en data XXX entre o Xefe da Policía Local de Vigo e o Tenente Xefe do Destacamento de Tráfico de Porriño.

Cuarto.- Con data do 13 de xaneiro de 2023, a reclamante remite escrito no que en síntese manifesta que recibiu resolución da súa solicitude emitida polo Concello, na que se lle entrega unha documentación que considera que non é a solicitada, xa que se lle remite un papel que non cumpre os requisitos que establece a Lei de Procedemento Administrativo para considerar un documento administrativo e remite copia dunha resolución do Departamento de Seguridade do Concello de Vigo na que se manifesta que ata o ano 2019 o Concello de Vigo inadmitía as peticións de autorizacións de vao en viarias titularidade doutras Administracións por carecer de competencia.

Indica que se lle remite unha simple anotación do ano 1988 para un inmovible con outro número de policía que considera que se pretende facer pasar por unha autorización ou licenza de vao.

Respecto ao documento remitido datado en 2007 indica que o mesmo é anterior e contravén o disposto na vixente Lei de Tráfico, polo que considera que o Concello de Vigo non resolveu a petición de acceso á información pública.

Quinto.- Con data do 16 de xaneiro de 2023, remítese copia dos escritos presentados pola interesada ao Concello, a fin de que remitise informe sobre os mesmos, sen que polo Concello se remitise o informe solicitado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades

Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos

responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello de Vigo non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo que establece o artigo 20.1 da Lei 19/2013 expresamente, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A interesada solicitou ao Concello acceso á documentación sobre unha delegación de competencias en materia de tráfico nunha estrada e o expediente dunha licenza de vao dunha finca que identifica.

O Concello resolveu a solicitude, aínda fora do prazo que a Lei establece, concedendo o acceso á información que consta no libro rexistro papel correspondente á licencia de vao e a un informe no que faise constar o cambio de numeración do inmovible sobre o que se solicitou o acceso á licencia de vao, e á copia da acta da reunión na que se ratifica o Protocolo de Distribución Territorial Competencial en materia de tráfico asinado entre o Concello e o Destacamento de Tráfico.

Esta resposta non satisfai á reclamante, que considera que se lle entrega unha documentación que non cumpre os requisitos que establece a Lei de Procedemento Administrativo para considerar un documento administrativo, que é unha simple anotación do ano 1988 e que o documento de tráfico contravén o disposto na vixente Lei de Tráfico.

A Comisión da Transparencia de Galicia, tal e como establece o artigo 33 da Lei 1/2016, é un órgano colexiado de carácter independente que ten como función a resolución de reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública establecidas no artigo 28 da mesma Lei. Nas resolucións das reclamacións, a Comisión debe determinar si a información solicitada é ou non información pública, e no caso de que así sexa, determinar si concorre e está xustificada a aplicación dalgún dos límites que establecen os artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, en cuxo caso o acceso á información debe denegarse pola concorrencia do mesmo ou concederse de forma parcial, previa omisión da información afectada polo límite, ou se concorre e está xustificada a existencia dalgunha das causas de inadmisión establecidas no artigo 18 da mesma Lei, en cuxo caso non procede o acceso á mesma.

De acordo coa definición de información pública da Lei galega 1/2016, e da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e dispoñible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias.

No marco dunha solicitude de acceso á información, cando se solicita unha información ou unha documentación que non existe, ben por que non se elaborou (aínda que fose obrigatorio facelo pola normativa que lle sexa de aplicación) ou ben esta información ou documentación non cumpre os requisitos que establece a normativa que a regula, o suxeito obrigado, neste caso o Concello, cumpre indicando á persoa solicitante con claridade, a información solicitada da que se dispón, como fixo neste caso o Concello. Non corresponde a esta Comisión como parece que pretende a recorrente, determinar si a licencia de vao outorgouse de acordo coa normativa que lle é de aplicación, ou se a distribución de competencias en materia de circulación é conforme ou non co disposto na normativa de tráfico, feitos estes que a reclamante, se o considera oportuno, pode reclamar polo procedemento administrativo ou xurisdiccional que corresponda, non sendo a reclamación en materia de transparencia, o cauce adecuado para elo.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por XXX fronte á desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante o Concello de Vigo con data 10 de novembro de 2022, de acceso á información pública dese concello sobre a delegación de competencias en materia de tráfico na Avenida de Galicia e a licenza de vao correspondente ao nº XXX da dita avenida

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela.

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.